

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Francisco Dubert García (2015): “Procesos de simplificación e de complicación da gramática galega asociados ó contacto co castelán”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# Procesos de simplificación e de complicación da gramática galega asociados ó contacto co castelán

*Gallaecia - III Congreso Internacional de Lingüística Histórica*. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 de julho/xullo de 2015.

Francisco Dubert-García  
Instituto da Lingua Galega-USC

Esta comunicación forma parte do proxecto “Cambio lingüístico no galego actual”, Ministerio de Economía y Competitividad, FFI2012-33845; recibiu apoio da Xunta de Galicia, GRC2013/40, e dos fondos FEDER

Estudo dunha comunidade:


Datos: galego falado en Santiago de Compostela.  
Traballo de xeografía lingüística

Fonte: Dubert (1999).

Datas dos datos: entre 1991 e 1997.

- Estudo exploratorio: establecer que tipo de variación existía en Santiago e como ordenala.
- Seguen sendo precisos estudos máis profundos para cada un dos tipos de variación localizados.

## Puntos de enquisa (hai, ademais, outros puntos secundarios)



# Lingua inicial en Santiago, MSG I (1994: 31)

Galego: lingua inicial de falantes adultos e vellos alleos ó mundo urbano.

Castelán: lingua inicial de falantes novos e vencellados ó mundo urbano

Rural 1 = menos de 2000 habitantes, con rúas, servizos, etc., aspecto urbano

Rural 2 = menos de 2000 habitantes, poboación dispersa

	galego	castelán	as dúas	outras
IDADE:				
16-25	25,3%	53,6%	20,7%	0,4%
26-40	43,5%	39,0%	15,6%	1,9%
41-65	66,2%	22,4%	10,6%	0,8%
+65	76,3%	14,1%	8,3%	1,3%
NADOS NUN MEDIO:				
urbano	28,8%	50,7%	20,5%	
periurbano	86,9%	5,2%	8,0%	
vilas	31,0%	52,1%	16,9%	
rural-1	67,1%	19,2%	12,3%	1,4%
rural-2	79,1%	9,9%	11,0%	
nados fóra de Galicia	4,9%	76,7%	6,8%	11,7%
HABITANTES DUN MEDIO:				
urbano	40,3%	41,8%	16,8%	1,1%
periurbano	80,2%	11,7%	6,9%	1,2%
TOTAL	51,9%	33,0%	14,0%	1,1%

Lingua inicial en Santiago (MSG I 1994: p. 31).

## Lingua habitual en Santiago, MSG II (1994: 96)

	<b><i>BILINGÜES</i></b>			só galego
	só castelán	<u><i>máis castelán</i></u>	<u><i>máis galego</i></u>	
<b>IDADE:</b>				
16-25	16,5%	<u><b>48,5%</b></u>	<u><b>20,3%</b></u>	14,8%
26-40	13,2%	<u><b>32,5%</b></u>	<u><b>33,9%</b></u>	20,4%
41-65	7,7%	<u><b>18,6%</b></u>	<b>33,8%</b>	<b>39,9%</b>
+65	7,7%	<u><b>11,5%</b></u>	<b>33,3%</b>	<b>47,4%</b>
<b>HABITANTES DUN MEDIO:</b>				
urbano	14,8%	<u><b>33,9%</b></u>	<u><b>32,1%</b></u>	19,2%
periurbano	2,7%	<u><b>14,4%</b></u>	<b>28,1%</b>	<b>54,2%</b>
TOTAL:	11,3%	<u><b>28,3%</b></u>	<u><b>31,0%</b></u>	29,5%

Lingua habitual en Santiago (*MSG II* 1994: p. 96)

Galego: lingua habitual de falantes adultos e vellos alleos ó mundo urbano.

Castelán: lingua habitual de falantes novos e vencellados ó mundo urbano

## Tipoloxía de manifestacións do contacto

Winford (2003: 23-24) ofrece unha tipoloxía dos resultados do contacto lingüístico en que separa os casos de preservación das linguas (*Language maintenance*) dos casos de perda dunha das linguas (*Language shift*).

Dentro das situacións de *preservación* distingue:

### Fenómenos de **Préstamo**

<i>Grao de contacto</i>	<i>Resultado lingüístico</i>
Casual	Só préstamo lexical
Moderado	Préstamo lexical e lixeiro préstamo estrutural
Intenso	Préstamo estrutural moderado

### Fenómenos de **Converxencia**

<i>Tipo de contacto</i>	<i>Resultado lingüístico</i>
Contigüidade xeográfica	Difusión estrutural moderada
Multilingüismo intracomunitario	Difusión estrutural forte
Presión intensa sobre unha minoría	Difusión estrutural forte
Contacto intercomunitario intenso	Difusión estrutural e lexical forte

## Tipoloxía de manifestacións do contacto

A diferenza entre préstamo e difusión estrutural é similar á oposición que Gardani, Arkadiev e Amiridze (2015: 3) establecen como:

MAT[TER]-borrowing: “the borrowing of concrete phonological matter” (palabras, afixos, radicais, clíticos...)

vs.

PAT[TERN]-borrowing: “the borrowing of functional and semantic morphological patterns” [...] “PAT-borrowing implies that a R[ecipient]L [anguage] rearranges its own inherited morphological structure in such a way that it becomes structurally closer to the S[ource]L[anguage]”

**Aquí habería que incluír o préstamo de estruturas puramente sintácticas que usan léxico ou morfoloxía galega.**

## A situación de contacto en galego

Existe un rango que vai de ***grao de contacto de moderado*** (mundo rural) a ***intenso*** (mundo urbano) e, en xeral, un tipo de contacto de ***multilingüismo comunitario***.

Polo tanto, e desde un punto de vista estrutural, cabe esperar desde

- un *préstamo estrutural lixeiro* no **mundo rural**
- a unha *difusión estrutural forte* no mundo **máis urbanizado**.

A difusión estrutural forte leva, como dixemos, á **converxencia**:

“Two languages can be said to have converged structurally when previous differences in grammar between them are reduced or eliminated either because one adopts structural features from the other as a replacement for its own, or because both adopt an identical compromise between their conflicting structures” (Winford 2003: 63).

Motivacións destes fenómenos:

«It is the **functionality of categories**, and not merely their structural representation, that motivates bilingual speakers to generalise a form in the repertoire and adopt it for use irrespective of the choice-language of the interaction context, thereby making it part of another 'language'» (Matras 2009: 219).

Isto débese a que

«Words [...] are meaningful devices on which speakers rely **to convey information and attitudes**, as well **as to establish and maintain social relations with others**. In this perspective, we view borrowing not merely as a plain modification of an abstract 'system', **but as an activity in which speakers engage, and which is goal-oriented**» (Matras 2009: 219).

Polo tanto, as finalidades dos préstamos lingüísticos pódense resumir en dúas motivacións principais:


### **Motivacións sociais**

- **“To modify patterns of social interaction”**. Isto “has much to do with the referential resources of language and its suitability and adaptability to negotiate various kinds of social activities”.

### **Motivacións cognitivas, de procesamento**

- **“To modify patterns of language processing during communicative interaction”**. Isto “has more to do with the degree to which speakers are able to **exercise control over the mental organisation of their linguistic repertoire**; in this domain, those phenomena that catch our attention as diachronic **modifications in the repertoire of structures** that we define as a particular ‘language’ **are often the ultimate result of lapses on the part of speakers in exercising such control**” (Matras 2009: 219)

¿Simplificación na fonoloxía? ¿Perda dun esquema fonolóxico: [j] antihiático?  
[VV] > [VjV]



Semivocal [j] antihiática:  
[e 'jawhe] 'a auga', [unɐ 'jɔre]  
'unha hora'

- Trazo característico do galego rural (e de todo o norte de Portugal...).
- Ausente da cidade e dos falantes máis urbanizados

Un caso de simplificación da gramática? [VjV] > [VV]

Só se presupomos que debía existir en todo o concello.

## Complicación da morfoloxía verbal:

- Aumento da lexicalización
- Redución da regularidade

formas urbanas de falantes innovadores

Morfoloxía verbal


Futuro e Condicional de *poñer, ter, vir, valer, salir*

	Gal. Rur. Sant.	
INF	FUT;	CON
POÑER	<i>poñerei</i>	<i>poñería</i>
TER	<i>tere</i>	<i>tería</i>
VIR	<i>virei</i>	<i>viría</i>
VALER	<i>valerei</i>	<i>valería</i>
SALIR	<i>salirei</i>	<i>saliría</i>

	Gal. Urb. Santi.
FUT	
	<b><i>tendrei, tendrá, tendrán</i></b>
	<b><i>valdrei</i></b>
	<b><i>saldrei, saldrán</i></b>

Concello de Santiago de Compostela

★ saldr   ★ valdr   ★ tendr   ★ pondr   ★ vendr



COND

***pondría***

***tendría, tendríamos***

***vendrían***

***valdrían***

*tendería, tederei*

**ven-d-rei**

**sal-d-rei**

**val-d-rei**

- son formas atemáticas
- cunha consoante /d/ extra despois do radical
- pero os afixos flexivos son os propios do galego: *-ei*

Só se castelaniza o radical

Gal. Rur. Sant.: VIR veñ-o, vé-s, vén, vi-mos, vin-des, veñ-en, vi-r, viñ-a

Gal. Urb. Santi.: VIR veñ-o, vé-s, vén, vi-mos, vin-des, veñ-en, vi-r, viñ-a, **vendr-**

Lexicalización da flexión, incrementa o número de alomorfos dos radicais e os padróns distribucionais.

**valdr-, saldr-, vendr-, tendr-** escapan ós esquemas produtivos que operaban no FUT e non CON.

1SG.IND.PRS e SBXV.PRS de OÍR, CAER, TRAER, VALER, SALIR.  
Maiden 2005; patrón en L.

**Gal. Rur. Sant.**

*Subclase:* Inserción lexical de [j]:

OÍR *oi-o/oi-a/o-es*,

CAER *cai-o/cai-a/ca-es*,

TRAER *trai-o/trai-a/tra-es*

Pero

*Subclase:* Alternancia na última consoante do radical:

VALER *vallo/valla/vales*

SALIR *sallo/salla/sales*

**No Gal. Urb. Sant.**, si están na mesma subclase: adición de (g)[/x,h,g/] no patrón en L

OÍR *oig-o/oig-a/o-es*

CAER *caig-o/caig-a/caes*

TRAER *traig-o/traig-a/traes*

SALIR *salg-o/salg-a/sal-es*

VALER *valg-o/valg-a/val-es*

Presenciamos. Obsérvese tamén o [j] de *oír, caer, traer*, fronte ó [l] de *valer, salir*

Nos verbos **caer**, **oír** e **traer** a intrusión de **(g)** non representa necesariamente un encarecemento do padrón morfómico en L, senón unha expresión nova, diferente: un novo recurso para crear o padrón.


**Gal. Rur. Sant.**

<b>caio/caia</b>	<b>oio/oia</b>	<b>traio/oia</b>
<b>caes/caias</b>	<b>oes/oias</b>	<b>traes/traias</b>
caerei	oirei	traerei

**Gal. Urb. Sant.**

<b>caigo/caiga</b>	<b>oigo/oiga</b>	<b>traigo/traiga</b>
<b>caes/caigas</b>	<b>oes/oigas</b>	<b>traes/traigas</b>
caerei	oirei	traerei


En **VALER** e **SALIR** existe unha maior complicación




- sallo ●
- salo ◐
- saio ▲
- salgo +
- sailo ⊙

sallo, sala  
sales formas regulares  
**salirei** nula lexicalización

Noroccidente de Galicia



Concello de Santiago




Santiago (cidade)

*sallo, salla*  
sales lixeira lexicalización  
**salirei**


*salgo, salga*  
sales alta lexicalización  
**saldrei**

# REAGRUPAMENTO DAS CLASES MORFOLEXICAIS

Clases morfolexicais no Gal. Rur. Sant.: Y12c, Y13a



Clases morfolexicais no Gal. Urb. Sant. XX1a, 003



## Confluencia: PRÉSTAMO DE PADRÓNS

### **amara vs. había amado**

No galego tradicional, *amara* ten varios valores:

[pasado, perfecto, real]: *Contoume que ela **entrara** onte*

[pasado, imperativo]: *Dixo que **entraras/entrases***

[non factual]: *Se **entraras/entrases**, non pasaba nada*

A penetración de *había amado* para [pasado, perfecto, real] supón que esta agrupación de valores pasa a expresarse por un complexo verbal altamente gramaticalizado, un tempo composto; unha estrutura sintáctica, que non existía antes.

Aínda que sumen valores temporais, o seu valor principal é expresar unha modalidade epistémica

Incerteza

- 005: Cheguei a un sitio que lle chaman a Gracia... **haberá oído** da romería?
- XX1a: Hubo momentos en que dixen... Por que hostia non **habería feito** eu fontanería?

Contrafactuais

- XX1a: Oghalá **houbera tido** unha hernia desde o principio.
- XX1a: A miña ilusión, que era **haber acabado** en xuño.
- 004a: A América tamén a podemos **haber feito** nós aquí.
- XX1b: Podíalle, **terlle pedido** o carné de identidá >>>><<<<<<<<

Infinitivo perfecto reais

- 012a: Non tou arrepentida de nada... de **haber marchado** pa fóra... de **haberme casado**...

A introdución destes tempos compostos supón a creación/fortalecemento/expansión de construcións sintácticas pouco habituais que supoñen unha complicación da gramática, pois para expresar os mesmos contidos semánticos úsanse novos recursos sintácticos (e os mesmos recursos léxicos e fonolóxicos)

Gal. Urb. Sant. 005

semántica: **incerteza**, perfecto[OÍR]

sintaxe: [HABER.FUT.1SG OÍR.PART]

fonoloxía: *habera oído*

Gal. Rur. Sant.

semántica: **incerteza**, perfecto[OÍR]

sintaxe: [OÍR.CON.1SG]

fonoloxía: *oiría*

Gal. Urb. Sant. XX1a

semántica: **irrealidade**, perfecto[OÍR]

sintaxe: [HABER.INF ACABAR.PART]

fonoloxía: *haber acabado*

Gal. Rur. Sant.

semántica: **irrealidade**, perfecto[OÍR]

sintaxe: [ACABAR.INF]

fonoloxía: *acabar*

## Obras citadas

- Dubert García, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: USC.
- Gardani, Francesco/Arkadiev, Peter/Amiridze, Nino (2015): “Borrowed morphology: an overview”, en Gardani, Francesco/Arkadiev, Peter/Amiridze, Nino (eds.) *Borrowed morphology*. Berlín: De Gruyter, pp. 1-26.
- Maiden, Martin (2005): “Morphological autonomy and diachrony”. BOOIJ, Geert / VAN MARLE, Jaap (eds.): *Yearbook of Morphology 2004*. Dordrecht: Springer, pp. 137–175.
- Matras, Yarom (2009): *Language contact*. Cambridge: CUP.
- MSG= Fernández Rodríguez, Mauro A. & Rodríguez Neira, Modesto A. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- MSG= Fernández Rodríguez, Mauro A. & Rodríguez Neira, Modesto A. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Winford, Donald (2003): *An introduction to contact linguistics*. Oxford: Blackwell.